

1. Indica polo menos tres sistemas de mensaxaría en dispositivos móbiles.
2. De que tipo pode ser o corpo dunha mensaxe de correo electrónico?
3. Que significa o dominio .org?
4. De que tipo adoitan ser os servidores de correo entrante?
5. Como se denomina o enderezo físico que identifica de maneira única cada equipo?
6. Como se denomina a técnica na que as empresas pagan por estar nas primeiras posicións do buscador?
7. Como se chaman os resultados que aparecen nas buscas e foron colocados polo buscador porque outras empresas pagaron para que se mostren aí?
8. Indica o nome de tres buscadores.
9. Como se chaman as palabras que definen o contido dunha páxina?
10. Indica o nome de tres navegadores.
11. Como identificamos se un protocolo é seguro ou non?
12. Con que prefixo adoitan comezar case todos os nomes de dominio?
13. Como se chaman os protocolos de Internet para o envío de páxinas web estándar e seguras?
14. Que porto utiliza por defecto o protocolo HTTP?
15. Que dous tipos de enderezos IP coñecemos?
17. Indica que é Internet.
18. Indica a diferenza entre os enderezos IPv4 e IPv6.
19. Cal é o navegador utilizado nos equipos de Apple?
20. Enumera tres dispositivos que se utilizan para acceder a Internet.
21. Como se produce a conexión a unha páxina web desde o noso equipo?
22. Indica que é unha URL.
23. Indica que é o ISP.
24. Cal é o protocolo utilizado para o correo saínte?
25. Indica que funcionalidade ten o servidor DNS.
26. Indica en que consisten as linguaxes do lado do servidor.
27. Indica que é a barra de enderezos e para que se utiliza a páxina de inicio.
28. Indica que é unha extensión.
29. Cal é a finalidade das técnicas de posicionamento SEO?

- 30. Que é un buscador?
- 31. Indica en que consiste a frecuencia de busca nun buscador.
- 32. Indica en que consiste o posicionamento externo nun buscador.
- 33. Que é o aloxamento web?
- 34. Indica algunha técnica que prexudique o posicionamento web.
- 35. Di que é o buscador Google.
- 36. Enumera os elementos que interveñen na comunicación por correo electrónico.
- 38. Enumera as partes dun correo electrónico.
- 39. Indica os tipos de campos dun correo electrónico.
- 40. Indica que é Webmail.
- 42. Que vantaxes posúen os sistemas de mensaxaría instantánea por voz?
- 48. Explica en que consisten os operadores que podemos utilizar nas buscas e pon un exemplo.
- 49. Explica que é un dominio e as partes que o compoñen.
- 50. Explica en que consiste o funcionamento dun buscador.
- 53. Indica que son os protocolos de Internet e cales son os máis utilizados.